

bonificación premiase aos equipos que conseguen integrar compoñentes de diferente sexo na súa formación. Deste xeito evitamos que os equipos se desentendan de que os raids son un deporte mixto e non se preocupen de captar, formar e dar continuidade as formacións mixtas, e permitimos que se poda participar na liga en calquera formato.

FORMULARIO DE PRESENTACIÓN DE PROPUESTAS DE ENMIENDA DE REGLAMENTOS O DE NORMAS ANUALES

1.- PROPUESTA QUE PRESENTA

Pablo López Franco

2.- ENMIENDA DE

- Reglamento de Orientación (Pie, MTBO y Trail-O)
- Reglamento de Raid de Orientación
- Normas anuales de la Liga Gallega de Orientación a Pie
- Normas anuales de la Liga Gallega de Orientación en Bicicleta-MTBO
- Normas anuales de la Liga Gallega de Raid de Orientación
- Normas anuales de la Liga Gallega de Trail-O

3.- OBJETIVO

Que os organizadores podan cubrir os custos de organización

- De modificación (cambio de redacción)
- De adición (añadido de algo)
- De supresión (eliminación de algo)

4.- PRECEPTO AFECTADO (Normativa anual de raid de orientación)

ARTIGO 12. Custo en probas dun día As probas de 1 día terán unha cota máxima de 120 € por equipo, máis o custo da licenza de 1 día por participante (en caso de non ter licenza anual), se se formaliza antes das 22:00 do martes da semana anterior á proba. A cota sube a 140 € para as inscripciones efectuadas a derradeira semana de prazo, isto es, de 22:00 h. do martes da semana anterior á prueba, a 22:00 h. do martes da semana da proba

5.- JUSTIFICACIÓN DE LA ENMIENDA

Facer as probas sostibles para os organizadores. Tendo en conta os custes que ten hoxe en día montar un raid, e se o comparamos con calquera evento deportivo doutras disciplinas cunha duración

similar, penso que estamos poñendo en risco económico aos organizadores. Se xa de por si organizar unha proba de esta duración, require dun traballo grande a nivel técnico, organización loxística, xestión, etc. os custes que hoxe en día supón organizar unha proba así son cuantiosos. Aluguer de kayaks, dorsais (mochila, bici), ambulancia, médico, mapas, combustibles, comida do persoal, gastos de xuíces, trofeos, material, etc. e vendo a participación que están tendo as carreiras últimamente, penso que si queremos seguir tendo raids hai que permitir subir as cuotas de inscrición.

Nun deporte de longa duración como son os raids, con 3-4 probas anuais, penso que é suficiente para unha liga anual, xa que son probas duras, así que, un participante teña que pagar 40 euros por carreira, non me parece un coste excesivo para todo o que este deporte nos ofrece e comparando con outras disciplinas sigue sendo moi asequible. Opino que si queremos darlle calidade aos eventos e seguir sendo unha referencia organizativa con probas ben organizadas, con mapas waterproof, con tracking, con medios de material como aluguer de kayaks, montaxe de probas de cordas, e todo o que sempre caracterizou os raids, debemos tomar esta medida en apoio aos organizadores e que podan organizar cuns mínimos, porque as cuotas actuais non chegan nin pa cubrir a metade dos gastos que xera unha proba.

Tamén non lle encontro sentido a que haxa limitacións nunha proba fegado pero non nunha fedo. ¿por qué unha proba dun día, non pode ter a calidade e ofrecer os servizos que ofrece unha proba de dous días? O que sempre caracterizou os raids foi, sobre todo na categoría élite ou agora chamada 3+0 a tecnicidade, tanto a nivel de orientación e mapas, como a nivel de progresión no medio. Deste xeito pódese aproveitar o que nos ofrece o entorno. P.ex. si hai un barranco poder poñer unha sección de barranquismo, se hai augas bravas poder poñer un rafting, se hai unha zona de progresión na que debemos ir asegurados, poñer unha liña de vida ou unha ferrata. Penso que iso ten que ter cabida nos raids de liga galega tamén si o entorno o ofrece e do xeito actual o que estamos a facer é limitar ás carreiras.